



## **Conservatorio Profesional de Música de Carballo**

Programación oficial de ACORDEÓN

Curso Académico 2023/2024



## Índice

1. Introducción.....	7
2. Obxectivos xerais das ensinanzas.....	8
2.1. Grao elemental.....	8
2.2. Grao profesional.....	9
3. Obxectivos específicos.....	10
4. Secuenciación do curso.....	11
4.1. Curso: 1º Grao Elemental.....	11
4.1.1. Obxectivos	
4.1.2. Contidos	
4.1.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.1.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.1.5. Recursos didácticos	
4.2. Curso: 2º Grao Elemental.....	18
4.2.1. Obxectivos	
4.2.2. Contidos	
4.2.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.2.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	



4.2.5. Recursos didácticos	
4.3. Curso: 3º Grao Elemental.....	24
4.3.1. Obxectivos	
4.3.2. Contidos	
4.3.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.3.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.3.5. Recursos didácticos	
4.4. Curso: 4º Grao Elemental.....	31
4.4.1. Obxectivos	
4.4.2. Contidos	
4.4.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.4.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.4.5. Recursos didácticos	
4.5. Curso: 1º Grao Profesional.....	38
4.5.1. Obxectivos	
4.5.2. Contidos	
4.5.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	



Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.5.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.5.5. Recursos didácticos	
4.6. Curso: 2º Grao Profesional .....	45
4.6.1. Obxectivos	
4.6.2. Contidos	
4.6.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.6.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.6.5. Recursos didácticos	
4.7. Curso: 3º Grao Profesional .....	52
4.7.1. Obxectivos	
4.7.2. Contidos	
4.7.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.7.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.7.5. Recursos didácticos	
4.8. Curso: 4º Grao Profesional .....	59
4.8.1. Obxectivos	

4.8.2. Contidos	
4.8.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.8.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.8.5. Recursos didácticos	
4.9. Curso: 5º Grao Profesional.....	66
4.9.1. Obxectivos	
4.9.2. Contidos	
4.9.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	
4.9.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	
Probas extraordinarias de xuño	
4.9.5. Recursos didácticos	
4.10. Curso: 6º Grao Profesional.....	75
4.10.1. Obxectivos	
4.10.2. Contidos	
4.10.3. Avaliación	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
Procedementos e ferramentas de avaliación	
Criterios de cualificación	
4.10.4. Medidas de recuperación	
Procedementos de recuperación ordinarios	

## Probas extraordinarias de xuño

### 4.10.5. Recursos didácticos

5. Metodoloxía .....	82
6. Atención á diversidade .....	83
7. Temas transversais .....	84
7.1. Educación en valores .....	84
7.2. Tratamento das TIC's.....	85
8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....	85
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....	87
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	87
11. Probas de acceso.....	87
11.1. Probas de acceso a 1º curso de Grao Profesional .....	87
11.2. Probas de acceso a 2º curso de Grao Profesional .....	89
11.3. Probas de acceso a 3º curso de Grao Profesional .....	91
11.4. Probas de acceso a 4º curso de Grao Profesional .....	93
11.5. Probas de acceso a 5º curso de Grao Profesional .....	95
11.6. Probas de acceso a 6º curso de Grao Profesional .....	97
11.7. Probas de acceso a 2º curso de Grao Elemental .....	99
11.8. Probas de acceso a 3º curso de Grao Elemental .....	101
11.9. Probas de acceso a 4º curso de Grao Elemental .....	102
11.10. Premios Fin de Grao .....	104
12. Anexos.....	107
12.1. Anexo I .....	107

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes. O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior. Se os alumnos tiveran entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria.

Na práctica a franxa de idade é variable, podese acceder ata os 14 anos.

Relacións interdisciplinares:

Acordeon:

Na materia de instrumento o alumno adquire unha técnica de base que lle posibilite a interpretación, por medio do dominio de diversos recursos de articulación, dixitación, así como a preparación do instrumento para a obtención

dunha correcta interpretación, de diferentes repertorios vencellados ao propio instrumento.

#### Linguaxe musical:

Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.

#### Educación auditiva e vogal:

Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable, así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

## **2. Obxectivos xerais das ensinanzas**

### **2.1. Grao elemental**

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.



Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse armonicamente ao conxunto.

Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## **2.2. Grao profesional**

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

Analizar e valorar a calidade da música.

Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **3. Obxectivos específicos**

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, o Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recolle, no artigo 6º, os obxectivos específicos destas últimas.

O artigo 6º do Decreto 203/2007 sinala que as ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquiera as capacidades seguintes:

Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.

Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## **4. Secuenciación do curso**

### **4.1. Curso: 1º Grao Elemental**

#### **4.1.1. Obxectivos**

Adoptar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento, que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.

Coordinar e coñecer os elementos músculo-articulares que interveñen na execución musical.

Coñecer os diferentes elementos constitutivos do acordeón.

Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes estilos en MI, MII e MIII dunha dificultade acorde ao nivel, como solista e como membro dun grupo.

Interpretar texturas melódicas ao unísono, homofónicas e polifónicas.

Asimilar e aplicar conceptos básicos da produción do son no acordeón que permitan acadar control na produción e calidade do son.

Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade do son.

Aplicar os principios básicos da dixitación.

Coñecer e aplicar unha técnica básica para a consecución de diferentes tipos de articulacións.

Asimilar e aplicar a técnica de fol empregada para a execución dos matices dinámicos.

Coñecer graffías propias do instrumento.

Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria e a lectura a primeira vista.

Desenvolver un hábito de estudo diario, así como coñecer e aplicar técnicas de estudo axeitadas.

Interpretar en público coa seguridade necesaria, mostrando capacidade comunicativa e expresiva.

#### **4.1.2. Contidos**

Adopción dunha correcta posición que permita a correcta colocación do instrumento para unha axeitada execución musical.

Apertura e peche do fol en forma de abanico.

Desenvolvemento da coordinación, independencia e sincronización dos diferentes segmentos do brazo e as súas articulacións en figuras e ritmos básicos e as súas combinacións máis sinxelas.

Desenvolvemento da coordinación entre ambas mans en figuras e ritmos elementais e as súas combinacións máis sinxelas, empregando os diferentes manuais e as súas combinacións resultantes.

Iniciación á dixitación de pasaxes e obras adecuadas ao nivel do curso.

Traballo da independencia dos dedos en texturas monofónicas: posición fixa e cambios sinxelos de posición en ambas mans.

Traballo da independencia dos dedos en texturas polifónicas a dúas voces: posición fixa e cambios sinxelos de posición.

Traballo do legato, non legato, staccatto nos diferentes manuais, tanto en texturas monofónicas e polifónicas a dúas voces, en posicións fixas e en cambios de posición elementais.

Desenvolvemento da sensibilidade auditiva en relación ao modo de produción do son: adecuado control do son no ataque, mantemento e cese en relación ao nivel do curso; ataques e ceses do son básicos; relación entre a aplicación da forza do antebrazo esquerdo sobre o fol e o son.

Iniciación ás articulacións de fol básicas: acentos, sforzando, subliñado.

Achegamento básico á comprensión de estruturas musicais: frase, semifrase

Iniciación á organización do fol tendo en contas as estruturas musicais.

Achegamento ás orixes e historia do instrumento, así como ás características técnicas do instrumento e o seu mantemento e conservación.

Adquisición de hábitos de estudo correctos: organización do traballo e técnicas de estudo.

Interpretación dun repertorio adecuado ó nivel, como solista e como parte dun conxunto.

### **4.1.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Adoptar unha postura correcta que permita a boa colocación do instrumento e unha adecuada execución musical.

Coñecer os elementos constitutivos básicos do acordeón: manuais dereito e esquerdo, rexistración, fol e modo de produción do son.

Mostrar unha adecuada coordinación dos diferentes segmentos do brazo e as súas articulacións que permita acadar control na produción e calidade do son.

Combinar de forma coordinada as técnicas de teclado e fol que interveñen na execución dos diferentes tipos de articulacións.

Coñecer e mostrar unha adecuada técnica de fol que permita a consecución de diferentes niveis dinámicos.

Coñecer e aplicar as grafías pertencentes á escritura acordeonística.

Interpretar un repertorio adecuado a este nivel empregando MI, MII e MIII, tanto como solista como en grupo.

Demostrar unha capacidade progresiva para abordar individualmente o estudo do repertorio, sendo consciente da importancia do traballo individual.

Coñecer e aplicar os principios de dixitación adecuados ao nivel do curso.

Interpretar á vista fragmentos e pasaxes musicais sinxelos de curta duración e textura monofónica e polifónica a dúas voces.

Interpretar de memoria obras do repertorio adecuadas ao nivel. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas para o desenvolvemento da memoria.

Ter un coñecemento elemental das orixes e historia do instrumento, así como dos coidados necesarios para o bo mantemento do acordeón.

Presentar obras en público con aplicación do protocolo de concerto.

### **Mínimos esixibles**

Adoptar unha postura correcta que permita a boa colocación do instrumento e unha adecuada execución musical.

Coñecer os elementos constitutivos básicos do acordeón.

Interpretar correctamente seis obras e exercicios adecuados ao nivel.

Interpretar de memoria unha obra, coma mínimo, das traballadas ao longo do curso.

Asistir e participar en dúas das audicións públicas durante o curso lectivo.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Estéticos: 40%

Actitudinais: 10%

\*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

### **4.1.4. Medidas de recuperación**

Audicións públicas

Exames escritos.

Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno.

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.



### **Probas extraordinarias de xuño**

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de seis obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

Unha obra escollida polo alumno, que será interpretada de memoria.

Dúas obras escollidas polo profesor.

Unha obra escollida por sorteo.

Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

#### **4.1.5. Recursos didácticos**

- Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- Consulta a bibliotecas e fonotecas.
- Preparatory Studies for beginners, E. HARRIS, Ed Waterloo.
- Zwanzig Spielstücke, H. NOTH, Ed. Music Verlag Heinz Oettinger.
- Leichte übungen 2, V.E. SCHWEIGER, Ed. Universal.
- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed Bérben
- Metodo per fisarmónica vol 1, V.V.A.A, Ed Bérben.
- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, A. DI ZIO, Ed Bérben.
- Acordeón divertido, R.LLANOS, Ed Antza.
- Tecnica i per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed Bérben.
- 35 Miniaturen für Akkordeon, W.BLOCH, Ed. Hohner- Verlag Trossingen.

## **4.2. Curso: 2º Grao Elemental**

### **4.2.1. Obxectivos**

Afianzar a postura correcta para a boa colocación do instrumento e o control das diferentes partes do corpo que interveñen na práctica: posición da costas e pernas, antebrazos, cóbados, brazos, bonecas, mans, dedos.

Coordinar diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, pulso, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos básicos neste nivel: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.

Comezar a coñecer distintos tipos de articulación dixital e de fol.

Coñecer as características do instrumento, segundo o repertorio a interpretar neste nivel: manual esquerdo MIII-II, manual dereito MI, rexistros e a súa función, fol, modo de produción do son, modo de conseguir a dinámica.

Coñecer de maneira elemental as orixes e historia do acordeón, intérpretes, compositores e repertorio.

Coñecer e aplicar os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.

Tomar conciencia da importancia do traballo individual.

Interpretar un repertorio de acordo coas esixencias do nivel, tanto como solista, como parte dun grupo.

### **4.2.2. Contidos**

Adopción dunha posición que permita a correcta colocación do instrumento para unha boa execución musical.

Desenvolvemento da coordinación, independencia e sincronización dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, pulso, mans, dedos) en figuras e ritmos básicos: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.

Desenvolvemento paralelo das mans en figuras e ritmos elementais: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas, dentro da modalidade instrumental elixida: MI-MIII ou MI-MIII-II ou MI-MII-III.

Iniciación á dixitación de pasaxes e obras nas obras do nivel.

Traballo da independencia dos dedos nas texturas monofónicas: cambios de posición en ambas mans.

Traballo da independencia dos dedos nas texturas polifónicas a dúas voces, cambios de posición.

Traballo do legato, non legato, picado, staccatto en ambas mans, en texturas monofónicas e polifónicas a dúas ou tres voces en cambios de posición.

Desenvolvemento da sensibilidade auditiva en canto ao modo de produción do son: ataques e ceses do son, aprender a relacionar a aplicación da forza do antebrazo esquerdo sobre o fol, entender que a dinámica depende da presión sobre este, abrir e pechar o fol en forma de abanico e facelo evitando tensións, aumentar e diminuir progresivamente o son tanto no ataque coma no cese, todo tipo de ataques e ceses do son que teñan que ver con distintas presións a realizar sobre o fol, variación da presión do fol en función da dinámica, tanto progresivamente como bruscamente.

Iniciación ás articulacións de fol básicas: acentos, sforzando, subliñado.

Achegamento básico á comprensión de estruturas musicais: frase, semifrase, motivo.

Iniciación á organización do fol tendo en contas as estruturas musicais.

Achegamento as orixes e historia, repertorio e intérpretes do instrumento, así como ás características técnicas e o seu mantemento e conservación.

Adquisición de hábitos de estudo correctos: organización dende o principio do fol e da dixitación de ambas mans, traballo lento aumentando a velocidade progresivamente, cun pulso constante e a axuda do metrónomo, a mans separadas para posteriormente xuntalas, tendo en conta as articulacións...etc.

Interpretación dun repertorio adecuado ao nivel, como solista e como parte dun conxunto.

Iniciación ao estudo das grafías propias do instrumento.

### **4.2.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Adoptar unha postura correcta e natural que permita a boa colocación do instrumento e a boa interpretación musical.

Ter a coordinación necesaria para a práctica instrumental neste nivel.

Coñecer basicamente o instrumento: manuais dereito e esquerdo, rexistración, fol e modo de produción do son, modo de conseguir a dinámica.

Empezar a coñecer os distintos tipos de articulacións dixitais e de fol.

Ter un coñecemento elemental das orixes e historia do instrumento, do repertorio e intérpretes e compositores, así como dos coidados necesarios para o bo mantemento do acordeón.

Ser conscientes da importancia do traballo individual.

Interpretar un repertorio adecuado a este nivel, tanto solista como membro dun grupo.

#### **Mínimos esixibles**

Adoptar unha postura correcta que permita a boa colocación do instrumento e unha adecuada execución musical.

Coñecer os elementos constitutivos básicos do acordeón.

Interpretar correctamente seis obras e exercicios adecuados ao nivel.

Interpretar de memoria dúas obras das traballadas ao longo do curso.

Asistir e participar en dúas das audicións públicas durante o curso lectivo.

## **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

## **Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Estéticos: 40%

Actitudinais: 10%

\*O alumno deberá superar o 40% da cualificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

### **4.2.4. Medidas de recuperación**

Audicións públicas

Exames escritos.

Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno.

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

### **Probas extraordinarias de xuño**

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de seis obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

Unha obra escollida polo alumno, que será interpretada de memoria.

Dúas obras escollidas polo profesor.

Unha obra escollida por sorteo.

Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

#### **4.2.5. Recursos didácticos**

- Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- Consulta a bibliotecas e fonotecas.
- 35 Miniaturen für Akkordeon, W. BLOCH, Ed Waterloo
- Allerlei, T. LUNDQUIST, Ed Hohner Verlag Trossingen
- Acordeón Automat, J. BAZANT, Ed. Supranhon
- Malé Obrazky BILDER, Ed, Supranhon
- Acordeón divertido, R. LLANOS, Ed Antza.
- Miniatures for accordion, E.HARRIS, Ed, Waterloo
- Técnica per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed Bérben
- Akkordeonek, V.V.A.A, Ed Supranhon
- Metodo per fisarmonica vol. 1, V.V.A.A. Ed, Bérben
- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, A. DI ZIO, Ed Bérben
- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed Bérben
- Kompendium der Akkordeontechnik, H. REINBOTHE, Ed. Verlag für musik Leipzig
- Caderno de Anna Magdalena. J. S. BACH, Ed. Real Musical

### **4.3. Curso: 3º Grao Elemental**

#### **4.3.1. Obxectivos**

Adoptar unha posición que permita o control dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na práctica: posición da costas e pernas, antebrazos, cóbados, brazos, pulso, mans, dedos.

Coordinar os diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, pulso, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos básicos neste nivel: redondas, o brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, os seus silencios e as súas combinacións.

Desenrolar o control da produción e a calidade do son a través dos distintos tipos de articulación dixital e de fol.

Coñecer as características do instrumento, segundo o repertorio a interpretar neste nivel: manual esquerdo MIII-II, manual dereito MI, rexistros e a súa función, fol, modo de produción do son, modo de conseguir a dinámica, articulacións dixitais e de fol.

Coñecer basicamente as orixes e historia do acordeón, intérpretes, compositores e repertorio.

Coñecer e aplicar os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.

Tomar conciencia da importancia do traballo individual.

Interpretar un repertorio de acordo coas esixencias do nivel, tanto como solista, como parte dun grupo.

Interpretar en público cun mínimo control, tentando comprender a función comunicativa da música.

#### **4.3.2. Contidos**

Adopción dunha posición que permita a correcta colocación do instrumento para unha boa execución musical.



Desenvolvemento da coordinación, independencia e sincronización dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, pulso, mans, dedos) en figuras e ritmos básicos: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas.

Desenvolvemento paralelo de ambas mans en figuras e ritmos elementais: redondas, brancas, negras, corcheas, semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, os seus silencios e as súas combinacións máis sinxelas, dentro da modalidade instrumental elixida: MI-MIII ou MI-MIII-II.

Dixitación de pasaxes nas obras do nivel.

Traballo da independencia dos dedos en ambas mans en diferentes texturas: monofónica, polifónica a dúas ou tres voces, contrapunto a dúas voces.

Traballo do legatissimo, legato, non legato, picado, staccatto, staccattissimo en ambas mans, en texturas monofónicas e polifónicas a dúas ou tres voces e en contrapunto a dúas voces.

Desenvolvemento da sensibilidade auditiva en canto ao modo de produción do son: ataques e ceses do son; aprender a relacionar a aplicación da forza do antebrazo esquerdo sobre o fol, entender que a dinámica depende da presión sobre este, abrir e pechar o fol en forma de abanico e facelo evitando tensións, aumentar e diminuír progresivamente o son tanto no ataque coma no cese, todo tipo de ataques e ceses do son que teñan que ver con distintas presións a realizar sobre o fol, variación da presión do fol en función da dinámica, tanto progresivamente como bruscamente, acentos, sforzandos, subliñados, toques de fol nos picados.. etc.

Articulacións de fol básicas: acento, sforzando, subliñado.

Achegamento básico á comprensión de estruturas musicais: grandes seccións e subseccións, frase, semifrase, motivo.

Organización do fol tendo en conta as estruturas musicais.

Achegamento as orixes e historia, repertorio e intérpretes do instrumento, así como ás características técnicas e o seu mantemento e conservación.

Adquisición de hábitos de estudo correctos: organización dende o principio do fol e da dixitación de ambas mans, traballo lento aumentando a velocidade progresivamente, cun pulso constante e a axuda do metrónomo, a mans separadas para posteriormente xuntalas, tendo en conta as articulacións...etc.

Interpretación dun repertorio adecuado ao nivel, como solista e como parte dun conxunto.

Iniciación ao adestramento da memoria e práctica de lectura a primeira vista.

Iniciación ao estudo das grafías propias do instrumento e ao control do medo escénico.

### **4.3.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Adoptar unha postura correcta que permita a boa colocación do instrumento e a boa interpretación musical.

Ter a coordinación necesaria para a práctica instrumental neste nivel.

Coñecer basicamente o instrumento: manuais dereito e esquerdo, rexistración, fol e modo de produción do son, modo de conseguir a dinámica, modos de articulación básicos dixitais e de fol.

Perfeccionar o control do son, modos de produción e calidade do son a través das distintas articulacións dixitais e de fol.

Ter un coñecemento elemental das orixes e historia do instrumento, do repertorio e intérpretes, compositores, e grafías propias do instrumento.

Coñecer e aplicar os coidados necesarios para o bo mantemento do acordeón.

Interpretar un repertorio adecuado a este nivel, tanto solista como membro dun grupo.

Interpretar de memoria obras do nivel, e desenrolar a práctica da lectura a primeira vista.

### **Mínimos esixibles**

Interpretar correctamente seis obras e exercicios adecuados ao nivel.

Interpretar de memoria dúas obras das traballadas ao longo do curso.

Asistir e participar en dúas das audicións públicas durante o curso lectivo.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Estéticos: 40%

Actitudinais: 10%

\*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

#### **4.3.4. Medidas de recuperación**

Audicións públicas

Exames escritos.

Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno.

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

### **Probas extraordinarias de xuño**

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de seis obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

Unha obra escollida polo alumno, que será interpretada de memoria.

Dúas obras escollidas polo profesor.

Unha obra escollida por sorteo.

Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

- Shades of Ivory: Blues, a sentimaental bailade, WENSCH, Ed. Waterloo
- Variationen über einen bulgarischen Volstanz (Spielbuch II), BOLL, Ed. VEB Deustcher
- Das Grobe buch der originalmusik für akkoreon Band 1
- Carlo Morbidelli-L´allegro Postiglione
- Bruno Mussini-L´umorista
- Bio Boccosi-Gavottina
- Anton Govednik-Studija
- Albin Repnikow-Kindersuite Nº 2 Souvenirs
- Alain Abbott-Prospectives de l´accordeon de concert
- Escenas Medievales de Tito Marcos
- Clowns I, Heikki Valpola
- Clowns II, Heikki Valpola
- Mosaic de Torbjorn Lundquist
- Suite Safari de Fermín Gurbindo.
- Kindersuite de Wladimir Subitzki.
- Kunzertante Etüde für akkordeon (como ejercicio de técnica)
- Ghosparty de Petri Makkonen
- Suites nº 1,2,3,4 y 5 de Bodgan Precz
- Sonata in C Maggiore de D. Cimarosa
- The four seasons-Bronislaw Kazimierz Przybylski
- J.S. Bach, 18 composizioni di media difficulta
- Luciano Fancelli, Cartoni Animati



- Mogens Ellegaard, Polyphones Spielbuch Band 4
- Wolfgang Jacobi, 10 Polyphone Stücke nach spanischen Volksliedern
- Wladyslaw Zelensky, Preludio en Lab Mayor
- Werner Richter, Nocturno
- Unto Jutila, Pictures for Children Opus 26
- Studies in 20 th century James Wilson
- Siegfried Siara, Suite a la Jazz
- Petri Makkonen, Lauuluja harmonikalle
- Peter Nielsen, Moments Musicaux en Suite
- Karen Fremar, Night Journey
- Karen Fremar, Escapade
- Jorg Draeger, Accordeon Progression
- Jindrich Feld, Petit Prelude
- Jean Sichler, La Gambade

#### Estudos:

- Estudios concertantes, GESTER, SCWAEN, THILMAN, HÜBSCHMANN, Ed. VDV Musik Leipzig
- Estudio 64 (Kompendium), REINBOTHE, Ed. VEB Deustcher
- Estudos 47, 50, 51, 52, 61, 62, VVAA, Metodo per fisarmonica Vol. II, Ed. Bérben

#### Métodos:

- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, Vol II, A. DI ZIO, Ed. Bérben
- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed. Bérben
- Kompendium der Akkordeontechnik, REINBOTRE, Ed. VEB Deustcher
- Metodo per fisarmonica Vol.II, VVAA, Ed. Bérben
- Metodo de bellows shake, VVAA, Ed. Bérben
- Tecnica I per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed. Bérben
- H. Kirmbe H. Reinbothe-Konzertante Etüden für Akkordeon
- Akkordeon Etuden II de Jahrgang der Volksunstschulen
- Konzertante Etüden für Akkordeon

## **4.8. Curso: 4º Grao Profesional**

### **4.8.1. Obxectivos**

Perfeccionar o traballo da técnica dixital e o control dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, pulso, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos neste nivel: redondas, brancas, negras, corcheas semicorcheas, fusas, semifusas, puntillos, grupos de valoración especial, compases irregulares, os seus silencios e as súas combinacións, traballo da velocidade, independencia e da flexibilidade dos dedos.

Controlar os diferentes tipos de articulación dixitais: legatissimo, legato, non legato, picado, staccatto, staccattissimo e los toque de fol que poden acompañar a ditas articulacións.

Afianzar a sincronización dos dedos e as mans nas diferentes texturas: monofónica, polifónicas a dúas e tres voces (melodía acompañada e homofonía), contrapunto a dúas e tres voces.

Desenvolver o estudo do control sobre o fol, tanto na produción do son e a busca da calidade deste e na dinámica, así como nos distintos tipos de articulación: subliñado, acento, sforzando, toques de fol, bellows shake ou tremolo de fol binarios e ternarios, triolet (Ricochet), bend, vibrato.

Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos adquiridos para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación das obras deste nivel: dicitación, rexistración, organización do fol.

Coñecer as orixes antecedentes e historia do acordeón, intérpretes, compositores e repertorio, grafías, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.

Estudar as diversas convencións estéticas dos distintos estilos, especialmente as da música contemporánea, para a formación dos criterios que interveñen na interpretación persoal.

Interpretar un repertorio de diferentes estilos, solista e de cámara, de acordo coas esixencias do nivel, con partitura e de memoria.

Interpretar en público con autonomía progresivamente maior.

#### **4.8.2. Contidos**

Desenvolvemento da velocidade, independencia e flexibilidade dos dedos.

Traballo da independencia dos dedos en ambas mans en diferentes texturas: monofónica, polifónica a dúas e tres voces (melodía acompañada, homofonía), contrapunto a dúas e tres voces.

Estudo das articulacións dixitais: legatissimo, legato, non legato, picado, stacatto, stacattissimo. En diferentes texturas: monofónica, polifónica a dúas e tres voces (melodía acompañada, homofonía), contrapunto a dúas e tres voces. Toques de fol que acompañan a ditas articulacións.

Estudo da técnica do fol para conseguir a calidade do son: o fol en relación á presión exercida sobre el, a velocidade de apertura e peche, a inversión, traballo da dinámica.

Estudo das diferentes maneiras de obtención e cese do son.

Estudo das diferentes articulacións de fol: subliñado, acentos, sforzando, toques de fol, bellows shake ou tremolo de fol binario e ternario, triolet (Ricochet), bend, vibrato.

Rexistración de obras: cambios de rexistro durante a interpretación, coñecemento aplicado da función dos rexistros para comprende-la relación entre o escrito e o escoitado.

Elección da dixitación e signos de inversión de fol

Afondamento no estudo das grafías propias do instrumento e estudo das grafías da música contemporánea.

Interpretación dun repertorio adecuado ó nivel, como solista, e como parte dun conxunto.

Adestramento da memoria e práctica de lectura a primeira vista.

Estudo da historia, orixes, antecedentes, repertorio, intérpretes, compositores, do instrumento.

### **4.8.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Desenvolver o traballo da técnica dixital e o control dos diferentes elementos articulatorios (antebrazos, brazos, pulso, dedos) que interveñen na interpretación de figuras e ritmos neste nivel: redondas, brancas, negras, corcheas semicorcheas, puntillos, grupos de valoración especial, compases irregulares, os seus silencios e as súas combinacións, traballo da velocidade independencia e flexibilidade dos dedos.

Sincronizar e independizar os dedos e as mans nas diferentes texturas: monofónica, polifónicas a dúas e tres voces (melodía acompañada e homofonía), contrapunto a dúas e tres voces.

Desenvolver o control sobre o fol, tanto na produción do son e a busca da calidade deste, como nos distintos tipos de articulación: Subliñados, acentos, sforzando, toques de fol, bellows shake ou tremolo de fol binarios e temarios, triolet (Ricochet), bend, vibrato.

Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos adquiridos para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación das obras deste nivel: dixitación, rexistración, organización do fol.

Coñecer as orixes e historia do acordeón, intérpretes, compositores e repertorio, grafías.

Coñecer e aplicar os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.

Interpretar un repertorio de diferentes estilos, solista e de cámara, de acordo coas esixencias do nivel, con partitura e de memoria.

Interpretar en público con autonomía progresivamente maior.

#### **Mínimos esixibles**

Interpretar 4 obras axeitadas ao nivel do curso.

Interpretar de memoria unha obra, coma mínimo, das traballadas ao longo do curso.

Asistir e participar en dúas das audicións públicas durante o curso lectivo.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Estéticos: 40%

Actitudinais: 10%

\*O alumno deberá superar o 40% da cualificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

### **4.8.4. Medidas de recuperación**

Audicións públicas

Exames escritos.

Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno.

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

## **Probas extraordinarias de xuño**

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de catro obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación. Unha obra será interpretada de memoria.

### **4.8.5. Recursos didácticos**

- Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- Consulta a bibliotecas e fonotecas.
- Invencións a dúas voces, J.S. BACH, Ed Urtex
- Wladimir Subitzki, KINDERSUITE
- William Schimmel-Motorpiece
- Iwan Panizki, Variationen uber das thema des russischen Volksliedes
- Hans Boll, Akkordeon 1
- Hans Boll, Akkordeon 2
- Georg Espitalier, Sieben Praeludien und sieben Fugen
- Variazioni su un tema popolare, Bruno Bielinski
- Asko Vilén, Sirkusjuttuja Unissakavelija
- Fantasia nº 1 de Erns Gunter Rosenetzki
- Mezzanotte a Parigi. Albertini B
- Scherzo per fisarmonica. John gart.
- Preludio en La bemol mayor Wladyslaw Zelenski.
- Soft and Smooth. Anthony mecca.
- Luciano Fancelli, Cartoni Animati
- Luciano fancelli, Stranezze
- Luciano Fancelli, Temi da concertó
- Mario Goi-10 Studi, Capriccio per il ritmo e l´espressione
- Matti Murto-Images of summer for the accordion
- Patrick Busseuil, Hot mini Suite
- Wladislaw Solotarjow, Im Kloster Ferapontow
- Wladislaw Solotarjow, Kammersuite I



- Clave ben temperado, J. S. BACH, Ed, Urtex
- Preludio e fuga, FUGAZZA, Ed. Bérben
- Toccata, KUNZ, Ed. Hohner Verlag Trossingen
- Sonatina para acordeón (spielbuch III), KURZBACH, Ed. VEB Deustcher
- Musik 1982, DOBLER, Ed. Hohner Verlag Trossingen
- Sonata nº 2, ZOLOTAREV, Ed. Intermusik Smülling
- Escola da velocidade, (4 volumenos), CZERNY, Ed. Bérben
- 40 estudos, HANON, Ed. Bérben
- 4 ritmi per fisarmonica, WOLMER

### Métodos

- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, Vol II, A.DI.ZIO, Ed. Bérben
- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed. Bérben
- Kompendium der Akkordeontechnik, REINBOTHE, Ed. VEB Deustcher
- Metodo per fisarmonica Vol.II; VVAA, Ed. Bérben
- Método de bellows shake, VVAA, Ed. Bérben
- Tecnica I per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed. Bérben
- H. Kirmbe H. Reinbothe-Konzertante Etüden für Akkordeon
- Konzertante Etüden für Akkordeon

## **4.9. Curso: 5º Grao Profesional**

### **4.9.1. Obxectivos**

Profundar na técnica e nas posibilidades sonoras e expresivas do instrumento executándoas analiticamente e achegándose á súa definición exacta, e alcanzar a sensibilidade auditiva necesaria para acadar un bo control da calidade do son e impulsar a capacidade comunicativa.

Acadar un alto dominio do fol a través do control postural, a apertura-peche en forma de abanico e o control preciso do son para garantir a calidade sonora adecuada e a consecución dos efectos Bellow Shake, Ricochet, Bending e Vibrato.

Analizar e interpretar un repertorio variado que inclúa obras representativas da literatura acordeonística de dificultade adecuada ao curso, aplicando o xuízo crítico, acadando unha boa calidade sonora e empregando a técnica ao servizo da expresividade.

Aplicar con total autonomía e mediante a experimentación co instrumento os coñecementos adquiridos referentes á posición do corpo e do instrumento e ás técnicas de fol, de teclado e interpretativa para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación e acadar una execución técnica adecuada.

Desenvolver, con niveis de atención e concentración plenos, a memoria visual, auditiva, muscular e analítica de maneira individual e combinada, empregando diversas e variadas técnicas de memorización para acadar as capacidades mnemotécnicas que permitan a interpretación instrumental sen partitura.

Interpretar á vista, con niveis de concentración e atención plenos, fragmentos musicais de curta e mediana duración de obras de carácter solista (MI, MII e MIII), baseando a execución na análise, nunha dixitación axeitada, na anticipación na lectura e na seguridade rítmica para facilitar e axilizar a aprendizaxe de contidos musicais.

Improvisar, combinando os manuais MI e MII, fragmentos musicais curtos con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, cunha correcta técnica de fol, unha dixitación axeitada e tempo regular para desenvolver a creatividade musical e a expresión persoal.

Coñecer e aplicar as diversas convencións interpretativas vixentes nas diferentes épocas a través do estudo e análise de transcrisións e obras orixinais para acordeón, adaptando a articulación, pulsación e rexistración ao instrumento orixinal.

Actuar en público con total coñecemento e aplicación do protocolo de concerto, autocontrol e dominio da memoria, demostrando capacidade comunicativa e de expresión co instrumento e analizando de maneira crítica a súa interpretación.

#### **4.9.2. Contidos**

Perfeccionamento técnico-interpretativo en función dun repertorio acorde ao nivel do curso e a modalidade instrumental elixida.

Aumento da velocidade e flexibilidade dos dedos con coordinación e independencia dos manuais (MI, MII e MIII). Coñecemento e posta en práctica de técnicas de concienciación corporal e de prevención de lesións a través de hábitos saudables referentes á alimentación, ao adestramento físico, á saúde corporal e á relaxación.

Técnica do fol, elección autónoma e crítica dos cambios de fol e precisión na súa execución respectando a estrutura musical, perfeccionamento do Bellow Shake binario e iniciación ao ricochet triple, ao bending nas notas graves de MI co rexistro 16' e ao vibrato coas dúas mans.

Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir un adecuado control do son: ataque, mantemento e cese.

Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes achegándose á súa definición exacta e claramente diferenciada.

Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación (legato, staccato, staccatissimo, portato, tenuto, acento, marcato) achegándose á súa definición exacta e claramente diferenciada.

Perfeccionamento e afondamento no traballo de articulación e acentuación tanto de teclado –dedos, pulso e antebrazo– como de fol (legato, non legato, staccato, staccatissimo, portato, tenuto, acento, marcato).

Perfeccionamento da execución das diversas indicacións dinámicas e do equilibrio e contraste dos niveis e calidades do son resultantes.

Iniciación á interpretación da música contemporánea (actitudes ante a interpretación no século XX) e ao coñecemento das súas grafías referentes a altura (conglomerado de sons, clusters), dinámica (crescendo, diminuendo), ritmo (notación espacial, notación temporal), tempo (variacións agónicas representadas mediante a proximidade das barras de grupo, liñas onduladas e indicacións metronómicas) e efectos.

Estudo do repertorio adecuado para este grao que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.

Elección da dixitación, articulación, fraseo, cambios de fol, rexistración e indicacións dinámicas en obras onde non figuren tales indicacións.

Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.

Toma de conciencia das propias calidades musicais e do seu desenvolvemento en función das exixencias interpretativas.

Adestramento individual e combinado permanente das memorias visual a través da lectura previa e a organización visual da partitura; auditiva mediante a audición interna, a diversificación dos lugares de estudo, a audición de diferentes interpretacións dunha mesma obra; muscular a través do estudo a diferentes velocidades e a recodificación de elementos; e analítica mediante a identificación e a análise estrutural dos diferentes elementos musicais.

Práctica da lectura á vista en MI, MII e MIII de obras ou pasaxes musicais de diferentes texturas.

Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

Práctica de conxunto a dúo ou trío de obras acordes ao nivel do curso co profesor, compañeiros/as e/ou pianista acompañante.

Improvisación de fragmentos musicais curtos con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos combinando os manuais MI e MII.

### **4.9.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental.

Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, acadando un bo control na produción e calidade do son e impulsando a capacidade comunicativa e de expresión persoal.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Demostrar solvencia na lectura a primeira vista en fragmentos musicais de curta e mediana duración (MI, MII e MIII) e capacidade na improvisación de fragmentos curtos con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos combinando MI e MII.

Analizar e interpretar obras de distintas épocas e estilos tanto como solista como en dúo ou trío.

Interpretar de memoria obras do repertorio solista servíndose de diversas e variadas técnicas de memorización, respectando as características estilísticas e acadando un bo control na produción e calidade do son.

Demostrar autonomía para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

Aplicar con autonomía os coñecementos adquiridos para solucionar os problemas técnicos e interpretativos.

Presentar en público con total coñecemento e aplicación do protocolo de concerto, autocontrol e dominio da memoria, un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

### **Mínimos esixibles**

Interpretar 3 obras axeitadas ao nivel do curso.

Interpretar de memoria unha obra, coma mínimo, das traballadas ao longo do curso.

Asistir e participar en dúas das audicións públicas durante o curso lectivo.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Estéticos: 40%

Actitudinais: 10%

\*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media.

### **Criteriaos para a concesión de ampliación de matrícula**

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

#### **4.9.4. Medidas de recuperación**

Audicións públicas

Exames escritos.

Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno.

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un

aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

### **Probas extraordinarias de xuño**

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación. Unha obra será interpretada de memoria.

#### **4.9.5. Recursos didácticos**

- Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- Consulta a bibliotecas e fonotecas.
- Partitas nº 1,2,3 J.S.BACH, Ed. Henle Verlag München
- Toccata, REPNIKOV, Ed. Bérben
- Scherzo, REPNIKOV, Ed. Bérben
- Acquarelli Cubani, FANCELLI, Ed. Bérben
- Shades of Ivory: Swing Rock Beguine, Viennese Waltz, WUENSCH, Ed Waterloo
- A trip to the moon, MESINA, Ed. Waterloo
- Brahmsiana, SEMIONOV, Ed. Bayan
- Roldou sinfónico, HESSE, Ed. Preissler
- Preludio e fuga en A menor, SEIBER, Ed, Hohner Verlag Trossingen
- Vals de concerto, STONE, Ed. Neophonic
- Wladimir Rjabow-The river Of Love
- Karen Fremar-Reflections
- John Gart-Scherzo
- Hans Kare Jacobsen-Tema e variazioni
- Gerhard Wuensch-Mini Suite Nº3





- Georg Espitalier-Sieben Praeludien und sieben Fugen
- Ernst Gunter Rosenetzki-Studie Nr 6
- Domenico Scarlatti-7 Sonatas arr M. Ellegaard
- Carmelo pino-Anto Scherzando
- Carlo Morbidelli-Ritmi
- Utwory de Bodgan Dowlasz
- Mini suite nº 3 G. Wuench
- Fantasia nº 1 de Erns Gunter Rosenetzki
- Laetita parc de Patrick Busseuil
- Asia flashes de Cesar Franck
- Aquarelli cubani. de Luciano Fancelli
- Mezza notte a parigi
- Franck Angelis-amalgame
- Franck Angelis-asia Flashes
- Patrick Busseuil-Hot mini Suite
- Patrick Busseuil-Peppermint Suite
- Petr Fiala-Balada
- Petr Fiala-Nalady
- Petr Fiala-Sonatina facile
- Wladislaw Solotarjow-Im Kloster Ferapontow
- Wladislaw Solotarjow-Kindersuites 1-5
- Fólíaa, PZYBYLSKI, Ed PWM
- Danza fantastica, POZZOLLI, Ed. Ricordi
- Coral Variato, FERRARI TRECATE, Ed. Farfisa
- Imagenes, T. MARCOS
- Akelarre, J.C. CÁRCAMO, Ed. Bérben
- Mobile 85, BUSSEUIL, Ed. Semaphore
- Laetitia parc, BUSSEUIL, Ed. Semaphore

#### Estudos

- Escola da Velocidade (4 volumenos), CZERNY, Ed. Bérben
- 40 estudos, HANON, Ed. Bérben.

#### Métodos



- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, Vol II, A.DI.ZIO, Ed. Bérben
- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed. Bérben
- Kompendium der Akkordeontechnik, REINBOTHE, Ed. VEB Deustcher
- Metodo per fisarmonica Vol.II, VVAA, Ed. Bérben
- Metodo de bellows shake, VVAA, Ed. Bérben
- Tecnica I per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed. Bérben

#### **4.10. Curso: 6º Grao Profesional**

##### **4.10.1. Obxectivos**

Desenvolver no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Demostrar un control sobre o fol de maneira que se garanta, ademais da calidade sonora adecuada, a consecución dos diferentes efectos propios do instrumento requiridos en cada obra.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas da literatura acordeonística de diferentes compositores, estilos, linguaxes e técnicas de importancia musical e dificultade adecuada a este nivel.

Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, rexistro, fol, etc.

Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación

##### **4.10.2. Contidos**

Perfeccionamento técnico-interpretativo en función dun repertorio acorde ao nivel do curso e a modalidade instrumental elixida.

Aumento da velocidade e flexibilidade dos dedos con coordinación e independencia dos manuais (MI, MII e MIII). Coñecemento e posta en práctica de técnicas de concienciación corporal e de prevención de lesións a través de

hábitos saudables referentes á alimentación, ao adestramento físico, á saúde corporal e á relaxación.

Técnica do fol, elección autónoma e crítica dos cambios de fol e precisión na súa execución respectando a estrutura musical, perfeccionamento do Bellow Shake binario, ricochet triple, bending e vibrato.

Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir un adecuado control do son: ataque, mantemento e cese.

Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes claramente definidos e diferenciados.

Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación (legato, staccato, staccatissimo, portato, tenuto, acento, marcato) exactamente definidos e claramente diferenciados.

Perfeccionamento e afondamento no traballo de articulación e acentuación tanto de teclado –dedos, pulso e antebrazo– como de fol (legato, non legato, staccato, staccatissimo, portato, tenuto, acento, marcato).

Perfeccionamento da execución das diversas indicacións dinámicas e do equilibrio e contraste dos niveis e calidades do son resultantes.

Afondamento na interpretación da música contemporánea.

Estudo do repertorio adecuado para este curso que inclúa representación das distintas escolas acordeonísticas existentes.

Elección da dixitación, articulación, fraseo, cambios de fol, rexistración e indicacións dinámicas en obras onde non figuren tales indicacións.

Recoñecemento da importancia dos valores estéticos das obras.

Afondamento no adestramento individual e combinado permanente das memorias visual, auditiva, muscular e analítica.

Práctica da lectura á vista en MI, MII e MIII de obras ou pasaxes musicais de diferentes texturas.

Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

Práctica de conxunto a dúo ou trío de obras acordes ao nivel do curso co profesor, compañeiros/as e/ou pianista acompañante.

Improvisación de fragmentos musicais curtos con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos combinando os manuais MI e MII.

### **4.10.3. Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental.

Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, acadando un bo control na produción e calidade do son e impulsando a capacidade comunicativa e de expresión persoal.

Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Demostrar solvencia na lectura a primeira vista en fragmentos musicais de curta e mediana duración (MI, MII e MIII) e capacidade na improvisación de fragmentos curtos con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos combinando MI e MII.

Analizar e interpretar obras de distintas épocas e estilos tanto como solista como en dúo ou trío.

Interpretar de memoria obras do repertorio solista servíndose de diversas e variadas técnicas de memorización, respectando as características estilísticas e acadando un bo control na produción e calidade do son.

Demostrar autonomía para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

Aplicar con autonomía os coñecementos adquiridos para solucionar os problemas técnicos e interpretativos.

Presentar en público con total coñecemento e aplicación do protocolo de concerto, autocontrol e dominio da memoria, un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

### **Mínimos esixibles**

Interpretar 3 obras axeitadas ao nivel do curso.

Interpretar de memoria unha obra, coma mínimo, das traballadas ao longo do curso.

Asistir e participar en dúas das audicións públicas durante o curso lectivo.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A comezo do curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida do alumnado, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Esta avaliación está pensada, de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase nos obxectivos e contidos de cursos anteriores. No caso de 1º de GE a avaliación inicial constará dunha proba teórico-práctica sobre conceptos básicos musicais.

A avaliación será continua e integradora e permitiranos comprobar o grao de consecución dos nosos obxectivos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Como procedementos de avaliación empregarase a observación directa e indirecta do alumnado. Empregarase o caderno de aula do profesor, rúbricas, listas de cotexo e a análise de traballos como instrumentos de avaliación.

### **Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Técnicos: 50%

Estéticos: 40%

Actitudinais: 10%

\*O alumno deberá superar o 40% da cualificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media.

#### **4.10.4. Medidas de recuperación**

Audicións públicas

Exames escritos.

Calquera proba que considere oportuna o profesor dependendo de cada alumno.

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

Exames de recuperación ao longo do curso.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

A non xustificación de 4 ausencias a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou tutores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.

Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

### **Probas extraordinarias de xuño**

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de tres obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación. Unha obra será interpretada de memoria.

#### **4.10.5. Recursos didácticos**

- Audicións públicas ou na clase co resto dos compañeiros.
- Audicións comentadas de obras interpretadas por distintos intérpretes
- Consulta a bibliotecas e fonotecas.
- Botany Play, T. LUNDQUIST, Ed. Hohner Verlag Trossingen
- Partita piccola, T. LUNDQUIST, Ed. Hohner Verlag Trossingen
- Preludio e fuga E menor BWV 533, J.S. BACH, Ed. Peters
- Tocata e fuga en Re menor, J.S. BACH, Ed. Peters.
- Toccata, Improvisacion, Scherzo, Capricho, REPNIKOV, Ed. Intermusik Smülling
- Passacaglia, TSCHAIKIN, Ed. Intermusik Smülling
- 10 Km ó finestrino, FANCELLI, Ed. Bérben
- Ciri, FANCELLI, Ed. Bérben
- Introducción e fuga, FUGAZZA, Ed. Bérben
- Interludio e danza, BUSSEUIL, Ed. Semaphore
- Kammersuite, ZOLOTAREV, Ed. Intermusik Smülling
- Suite dos carpatos, ZUBITSKI, Ed. Intermusik Smülling
- A catedral destruída, TROJAN, Ed. Supranhon
- Suite bulgara, SEMIONOV, Ed. Intermusik Smülling
- Like a water buffalo, TAKAHASHI
- Ave Maria, PIAZZOLLA, Arr: peter Soave, Ed. Pagani
- In the zoo, N. V. BENTZON, Ed. Hohner Verlag Trossingen
- Sketche, KAYSER, Manuscrito





- Fantasia, GURBINDO, Ed. Bérben
- Sonata 1, B. PRECZ, Ed. Bérben
- 3-3-2, B. PRECZ, Ed. Bérben
- Wladimir Subizki-Trauermusik
- Torbjörn Lundquist-Sonatina Piccola
- Roger Eggermont-Concerto moderne
- Die zertrummerte Kathedrale de Vaclav trojan
- Jiri Matys-Preludium a variace
- Jan truhlar-Perger Sonatine op 61
- Hans Kare Jacobsen-Tema e variazioni
- Gerhard Wuensch-Mini suite N° 4
- Franck Angelis-Suite de concert en trois mouvements
- Franck Angelis-Boite a Rythme
- Franck angelis-Romance
- Caprichos de Jaroslav Hurt
- Estudio de Hans Kare Jacobsen
- Aphorisms, Petr fiala
- Nádaly, Peter Fiala.
- Concerto Moderno, Roger eggermont
- Toccata, Rolf Thomas Lorent
- Trauermusik, Wladimir Subizki
- Grafeld's impresión, Bodgan Precz
- Petr Fiala, Balada
- Patrick Busseuil-Peppermint Suite
- Fantasía para acordeón, F. Gurbindo
- Androide Miy Miy, Yashuiro Kobayashi
- Wladislaw Solotarjow, Im Kloster Ferapontow

#### Estudos

- Escola da Velocidade (4 volumenes), CZERNY, Ed. Bérben
- 40 estudios, HANON, Ed. Bérben

#### Métodos

- Metodo per fisarmonica a bassi scolti, Vol II, A.DI ZIO, Ed. Bérben

- La nuova dinamica fisarmonicistica, E. BOSCHELLO, Ed. Bérben
- Kompendium der Akkordeontechnik, REINBOTHE, Ed. VEB Deustcher
- Metodo per fisarmonica Vol.II, VVAA, Ed. Bérben
- Metodo de bellows shake, VVAA, Ed. Bérben
- Tecnica I per fisarmonica a bottoni, C. JACCOMUCCI, Ed. Bérben

## **5. Metodoloxía**

Os presentes principios metodolóxicos guiarán basicamente a labor docente na materia de Acordeón:

Partirase das capacidades, características e nivel do alumnado e actuarase en consecuencia, traballando na zona de desenvolvemento próximo, é dicir, salvando a distancia entre o que o alumno é capaz de facer por si mesmo e o que é capaz de facer con axuda. Aseguraremos a consecución de aprendizaxes significativos e funcionais establecendo vínculos entre os novos contidos e coñecementos e os que xa se posúen. Para conseguir esta aprendizaxe significativo é fundamental que o alumnado estea activo xa que a única maneira de conseguir o aprendizaxe é mediante a actividade mental, reelaboración de informacións, etc. Para promover esta actividade no alumnado intentarase sempre que estea motivado empregando estímulos como apoio emocional, interaccións sociais e intelectuais.

Búsqueda da autoaprendizaxe. Considerase fundamental que o alumnado desenvolva as estratexias e mecanismos necesarios para ser capaz de aprender pola súa conta, estratexias e mecanismos que irán evolucionando paulatinamente, de acordo co nivel no que se atope. Desta forma fomentarse a autonomía no traballo individual mediante a reflexión persoal, a detección e solución de problemas e en definitiva o “aprender a aprender”.

Intentarase sempre que a metodoloxía sexa activa e lúdica, fomentando a curiosidade.

Crearase un clima de aceptación mutua, seguridade, cooperación e confianza, tanto entre o alumnado como co profesorado. Isto conseguirase mediante a toma

